

# XALLAS

Boletín anual de Xallas Santa Comba SCG



*anos de Cooperativa*

*sempre a carón de vós*





# XALLAS

Boletín anual de Xallas Santa Comba SCG



## PRESENTACIÓN:

*POLO EQUIPO XALLAS*

Moitos pensamos que o mundo vai cambiando con moita presa. O sector está a vivir un xiro no eido económico, polos prezos inestables dos insumos , e no legal, coa chegada de cambios normativos que parecían lonxe pero xa están aquí.

Camiñamos cara un tempo de necesidade de facer as cousas pensando na eficiencia e na rendibilidade; os asesores teñen a chave para axudarvos a conseguir os obxectivos.

A cooperación entre gandeir@ e técnic@ é a mellor maneira de traballar neste novo escenario, como sempre digo: “onde non cheguemos pedimos axuda”.

Velaquí, un ano máis participando na vida da nosa Cooperativa. Unha aperta!!!



## NESTE NÚMERO:

- CAMBIOS NORMATIVOS: NOVA PAC, REAIS DECRETOS
- 50 ANOS DE COOPERATIVA
- SERVIZO AGRO: JAVIER ENRIQUE E IVÁN
- NOTICIARIO

# CAMBIOS NORMATIVOS: A NOVA PAC, OS REAIS DECRETOS.

Real Decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.

Real Decreto 1053/2022, do 27 de decembro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas bovinas.

Real Decreto 1051/2022, de 27 de decembro, por el que se establecen normas para la nutrición sostible nos solos agrarios.

Real Decreto 364/2023, do 16 de maio, polo que establecen as bases do desempeño da normativa da Unión Europea de sanidade animal, no referente as obrigas de vixiancia do titular da explotación e ao plan sanitario integral das explotacións gandeiras, e polo que se modifican varias normas de ordenación gandeira.



REUNIÓN DA PAC NO SALON DE ACTOS DA COOPERATIVA EN NOVEMBRO DO PASADO ANO

Estes catro documentos marcan importantes cambios de normativa aos que nos temos que acoller e adaptar dende este ano e durante os vindeiros. Os cambios normativos veñen dende a Unión Europea e aplícanse no noso país mediante os Reais Decretos, posteriormente cada Comunidade Autónoma pode facer modificacións á norma xustificadas por cuestións de ordenación do territorio o medioambientais entre outras.

Os cambios non nos gustan, incluso xeran temor fronte o novo e aínda non coñecido. Moitas das normas recollidas nestes documentos buscan o equilibrio entre a actividade gandeira e a viabilidade do medio ambiente. O cambio no clima que estamos a vivir da unha idea do importante que é coidar a terra para que siga sendo produtiva, e as fontes de auga especialmente as de consumo, para poder seguir bebendo nós e os nosos animais.

## ASPECTOS NOVOS DA PAC 2023-27: CAMBIOS LEGAIS MOI IMPORTANTES

- REAL DECRETO DO SISTEMA DE INFORMACIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS (SIEIX)
  - **Manter un caderno electrónico (01-09-2023)**
  - **Ferramenta de sostenibilidade agraria para nutrientes (01-01-2024)**
  - Proporcionar información de forma periódica a Administración para avallar o cumprimento dos obxectivos do PEPAC.
  - A relacionarase coa administración de forma exclusivamente TELEMÁTICA
- REAL DECRETO DE FERTILIZACIÓN SOSTIBLE DE SOLOS AGRARIOS.
  - Normas para a aplicación de xurros, estercos e abonos (**efectos a partir do 01-01-2024**). Pódese empregar o prato o abano para a distribución do xurro en 2023. Prohibido salvo excepcións en 2024
  - Plans de abonado.
  - Obrigas de asesoramento técnico
- REAL DECRETO DE XESTIÓN E CONTROL DA PAC
  - **Control administrativo do dereito de uso das parcelas a unha mostra de 1% dos beneficiarios.**



FONDO GALEGO  
DE GARANTÍA  
AGRARIA

A Política Agraria Común nace nos anos cincuenta trala Segunda Guerra Mundial, co obxectivo de fomentar a produción agrícola para poder alimentar a poboación cuns prezos baixos que puidera pagar; as axudas aos agricultores van en base a súa produción. Esta situación leva nos seguintes anos a ter un exceso de produción, a política agraria europea buscar poder almacenar e exportar a terceiros países para tentar manter un bo prezo aos agricultores. Co tempo a situación non é sostible, en Europa prodúcese moito máis do que se consume sendo imposible manter os prezos, veñen as axudas ao abandono. No ano 2003 establécese o Pago Único suprimindo os pagos ligados á produción.

No ano 2008 empezamos a ter evidencias do cambio climático. Para poder loitar contra el é necesaria a conservación e protección do territorio, que máis ou menos marca as reformas sucesivas da PAC hasta chegar a esta última que temos este ano 2023.

Toda nova normativa precisa de modificacións e sobre todo de tempo para adaptarse. A ben seguro o resultado será bo para todas as partes implicadas.



# 50 ANOS DE COOPERATIVA:

Este 2023 estamos de aniversario. No ano 1973 nace a Cooperativa Xallas de Santa Comba. Na década dos oitenta a vida no campo era ben distinta a hoxe en día. Non había case maquinaria, a maioría dos traballos eran manuais.

Nas casas había moita xente, e moitas veces pasábanse moitas necesidades. Non había cartos para comprar cousas que hoxe en día temos en casa e non lles damos valor. Cada un producía o que podía: ovos, verdura, leite, cereais,... e moitas veces o cambiaba por aceite, chocolate ou tela para facer roupa. Como cambiou o conto, e non pasaron tantos anos!!

Nos lugares a xente axudábase nos traballos. Non facía falta pedilo, xa se sabía cando había que ir poñer as patacas da señora Pura ou apañar o trigo de don Antonio. As máquinas eran escasas e moitas veces compartidas. O campo era unha cooperativa de traballo por si solo.

En tempos da Ditadura de Franco había moitas zonas agrícolas abandonadas e despoboadas; escaseaban alimentos básicos coma os cereais, cousas coma o chocolate ou a mel eran un luxo. O Ministerio de Agricultura do Réxime buscaba mellorar as técnicas de traballo agrarias para ter maior produción e poder alimentar a poboación. Dende as Oficinas Comarcais Agrarias, dependentes do Ministerio, dábanse cursos para mellorar no traballo do campo, traíanse animais de fora como as primeiras vacas frisonas, dábanse axudas para a compra de maquinaria e abonos químicos para mellorar as producións,...

As cooperativas gandeiras nacen neste ambiente para axudar aos gandeiros a recibir todo isto e facilitar a venda das súas producións. A compra conxunta de material, xa foran cereais ou abonos, permitía ter mellores prezos; da mesma forma a venda dos produtos en conxunto, leite ou carne, axudaba a ter un bo prezo, asegurar a recollida e non ser estafados.



IMAXE DO PRIMEIRO ALMACÉN DA COOPERATIVA. ANO 1976.



FOTO DUNHA DAS PRIMEIRAS XUNTAS REITORAS DA COOPERATIVA. ANO 1979.



Don Xesús Alonso Resano, enxeñeiro agrónomo ao fronte da Oficina Agraria de Santa Comba, promove entre un grupo de gandeiros da zona a idea de formar unha cooperativa. Pouco a pouco vanse organizando e sumando apoios a idea.

*“En maio de 1973, coa decisión da fundación dunha cooperativa agraria en Santa Comba xa tomada, Don Jesús apoia a organización dunha excursión a Salto, Vimianzo, para visitar unha cooperativa de gandeiros que levan uns anos traballando en conxunto na xestión de insumos e na realización de traballos agrícolas. Asisten trinta e seis gandeiros de Santa Comba, entre eles José Suárez: “Mercaban o abono e parte o revendían, obtendo unha pequena marxe que invertían na compra de maquinaria; tiñan unha malladora de trigo”. Esta pequena cooperativa de Salto vendía o leite a UTECO (Unión Territorial de Cooperativas del Campo, que pasará a ser a Cooperativa Agraria Provincial no ano 1980), que tiña a concesión de abastecemento da cidade Coruña. Apoiábanse nos traballos agrícolas e xestionaban en conxunto a compra de insumos obtendo mellores prezos. A mencionada malladora chegou cunha subvención nos últimos anos de existencia da cooperativa, tivo pouco uso ao non dispoñer dun tractor para traballar con ela, quedando so dispoñibilidade de ser alugada.*



*Camiño de volta, aínda no autobús, lévase a cabo a votación a man alzada para elixir un presidente ao fronte da Cooperativa, legalmente aínda provisional; en boa parte o posto xa estaban falado e acordado pero aínda non fora sometido a votación. O primeiro Presidente será Antonio García Romar, e o seu carón o resto de compañeiros participantes no proxecto: Marcelino Collazo Espasandin , José Suárez Carballo, Manuel Rieiro Freire, Severino Bustelo Dominguez, José Gerpe Rama, Francisco Pazos Blanco, Andrés Rodríguez Rial, Luis Lois Martínez, Antonio Velo Fernández, Manuel Rieiro García, Ovidio López Brenlla, Albino Mourelle Brenlla, Manuel Serramo Mata, Andrés Rodríguez Rial, Eduardo Facal Tojo, Julio Estévez Turnes, Francisco Ramiro Brenlla, Andrés Lema Lema, Perfecto Vilar Souto, Francisco Calvo Antelo, Francisco González Rieiro, José Lois Caamaño y Francisco Gerpe Estévez.*

*O seguinte paso e a creación dunha conta bancaria na caixa de aforros, Caixa Galicia, trámite necesario para fundar unha sociedade civil. Establécese unha conta para facerse socios de seis mil pesetas: tres mil pola compra de insumos e tres mil pola recollida do leite. Neste maio de 1973, empezan a inscribirse os primeiros socios, a propia caixa rural é a encargada do rexistro. O primeiro socio figura inscrito o vinte e cinco de maio, é Severino Bustelo.*

*(...)*

*En novembro de 1973 chega a aprobación ministerial e procédese á organización dunha asemblea para a constitución definitiva, a efectos burocráticos, da Cooperativa. A nova sociedade figurará inscrita no Rexistro Especial de Cooperativas co número 19.953. O acto de constitución celébrase na igrexa de Santa Catalina o once de novembro."*

Este fragmento esta recollido no libro que narra a historia da nosa Cooperativa. Historia que con moito gusto recollín ao longo das testemuñas dos que viviron aqueles inicios e moitos momentos da evolución posterior, ata os nosos días.



MARI CARMEN, DON JESÚS, ANTONIO COLLAZO, FRANCISCO PAZOS, JOSE SUAREZ. VISITA A COOPERATIVA, ANO 2022.



# SERVIZO AGRO: JAVIER, ENRIQUE E IVÁN



Javier, Enrique e Iván, eles son os membros do Servizo Agro da Xallas. Javier e Enrique ao mando das abonadoras afrontaron unha longa campaña de abonado tanto para a herba coma para o millo; contra o final uniuse Iván ao mando da nova sulfatadora.

A campaña deste ano foi longa, e non tivo parada: dende febreiro, cos primeiros abonados para a herba, hasta estes días de xuño que aínda están a facerse aplicacións de cal e abono para segundos cortes de herba e resiembras de millo por mor do verme.

A aposta da Cooperativa Xallas, como durante estes anos, foi o abono de Yara. Yara é unha empresa Noruega fundada no ano 1905 e dende hai anos lider mundial na fabricación e venda de abonos químicos. Esta presente en máis de cincuenta países repartidos nos seis continentes. Para o campo Yara é unha garantía de calidade.



Xa dende mediados de maio esta activa a sulfatadora dentro do Servizo Agro. No tocante aos herbicidas este ano todo o Equipo Técnico da Cooperativa recibiu formación para as aplicacións, e obtivo o Carne Profesional de Aplicador de Fitosanitarios. Contamos cun asesor cualificado Jose Manuel Maneiro, eixo fundamental do equipo.

Cada ano este departamento da Cooperativa da servizo a máis soci@s, sendo cada vez máis importante no senso económico dentro da empresa.

# NOTICIARIO:



- O Súper da Xallas perde a súa encargada Divina Carmen, Tras moitos anos ao fronte do supermercado da nosa Cooperativa jubulouse Mucha. Agradecerlle todos estes anos de atención aos soci@s.

- tras moitos anos por fin unha excursión. No mes de setembro visitamos as instalacións de Lactogal en Portugal.



- seguimos a colaborar coas EFAS, en especial a de Fonteboa. Por certo, este ano tamén celebran o seu cincuenta aniversario. Noraboa!!!

- o Servizo Agro medra un pouquiño máis coa incorporación de novas ferramentas para o traballo.





CONTIDOS E IMAXES ELABORADAS POR SARA GRACIA CARBAJO, RESPONSABLE DE SERVICIOS TÉCNICOS E COMUNICACIÓN , XALLAS SANTA COMBA SCG.

AS FONTES DE TODAS A IMAXES E OS CONTIDOS SON DE ELABORACIÓN PROPIA.

AGRADECIMENTOS:

QUERO DAR AS GRAZAS A TODOS E TODAS OS COMPAÑEIR@S POLO DÍA A DÍA QUE NOS FAI TER COUSAS QUE CONTAR NO TERCEIRO BOLETÍN XALLAS. SIGAMOS ESTE RUMBO XENTÍÑA!!

